



RESUMO PLAN ESTRATÉXICO DE ESPECIALIZACIÓN DO CAMPUS UNIVERSITARIO INDUSTRIAL DE FERROL

SUMARIO

1. INTRODUCCIÓN

2. OBXECTIVOS

3. ENFOQUE ESTRATÉXICO

4. MEDIDAS DO PLAN ESTRATÉXICO

5. MEDIDAS DO PLAN ESTRATÉXICO 2016-2017

O **Campus Industrial de Ferrol** é a aposta que fai a Universidade da Coruña para apostar pola súa especialización coma unha aposta estratéxica que axude a articular e facer máis dinámica a economía, non só da comarca, senón tamén a economía a nivel rexional e nacional.

O Campus Industrial suporá una identidade propia, unha especialización docente e científica que permita aproveitar as potencialidades da súa contorna e fomentar as súas posibilidades de conectar coas novas necesidades de crecemento e progreso, da man da industria e dos axentes institucionais. **Queremos abrir a Universidade, para que, ademais de xerar coñecemento, sirvan para converterse en axente chave para o progreso, a competitividade e o avance de Ferrol e da súa comarca.**

O Campus de Ferrol é un dos principais dinamizadores económicos e sociais de Ferrol. **As 11 titulacións de grado e 8 mestrados que se imparten nos seus 6 Centros** son a base sobre a que se asenta unha poboación universitaria importante para Ferrol xeradora de riqueza local e que ademais contribúe á captación de recursos para a comarca, que nos últimos anos superou os 8 millóns de euros.

Este Plan Estratéxico está apoiado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Entre os obxectivos do Plan Estratéxico do Campus Industrial cabe destacar os seguintes en relación coa súa especial significación para a cidade de Ferrol.


- ✓ **Acadar un Campus universitario cohesionado e integrado territorialmente na cidade de Ferrol, logrando unha optimización das súas infraestruturas e recursos** e acadando unha estrutura organizativa que permita xerar sinerxias entre os centros e grupos de investigación existentes na actualidade.
- ✓ Lograr un mellor posicionamento innovador do Campus Industrial de Ferrol para aumentar a proxección exterior do mesmo e deste xeito aumentar a capacidade de atracción de talento, tanto dende o punto de vista docente e investigador, **así como unha maior contribución como axente dinamizador de Ferrol e da súa comarca.**
- ✓ **Facer da Universidade un motor de dinamización do tecido produtivo, social e económico baseado na colaboración efectiva entre o campus e os axentes e sector industrial.**
- ✓ Fomentar a colaboración interdisciplinar para definir unha visión común dos diferentes centros e grupos de investigación o redor do ámbito naval e oceánico así como do sector industrial, que permita incrementar os niveis de calidade na formación, a investigación e a transferencia.
- ✓ Impartir unha docencia especializada, de calidade e adaptada ás necesidades cambiantes da industria e da sociedade, cunha oferta formativa de grado e máster especializada, innovadora e con perfís profesionais adaptados ao seu contorno.
- ✓ Acadar unha investigación de calidade, multidisciplinar, recoñecida e de valor para o tecido industrial, de xeito que exista unha escoita efectiva para detectar os seus intereses, preocupacións e prioridades aos que se lle poida dar resposta a través de I+D e que permita que o campus alcance unha posición de liderado internacional nas súas áreas de especialización.
- ✓ Aumentar e diversificar as fontes de financiamento, desenvolvemento de liñas e proxectos de I+D financiados e aumentar a participación en proxectos de I+D no sector privado.

3

ENFOQUE ESTRATÉGICO

O Campus de Ferrol pivotará sobre **2 focos de especialización**: **NAVAL E OCEÁNICA E O SECTOR INDUSTRIAL** que actúan a modo de núcleos centralizadores sobre os que se articulan as **oito áreas de especialización** do Campus.

- Enxeñería naval e oceánica
- Dinámica de fluídos
- Loxística e transporte
- Enxeñería e eficiencia enerxética
- Enxeñería industrial
- Intelixencia computacional, robótica e sensorización
- Enxeñería de materiais e polímeros
- Ciencias do traballo e xestión de coñecemento



Son **5 as Estratexias** nas que se articula o **Plan do Campus de Especialización de Ferrol**:


- 1. Integración territorial e organizativa:** un campus unido e integrado no territorio.
- 2. Mellora de posicionamento do campus:** recoñecemento e posicionamento do campus industrial.
- 3. Docencia de calidade e especializada:** docencia especializada, de calidade e adaptada ás necesidades cambiantes da industria e a sociedade.
- 4. Investigación de calidade, multidisciplinar, recoñecida e de valor para o tecido industrial:** investigación coordinada e orientada á industria.
- 5. A universidade como motor de dinamización do tecido produtivo, social e económico:** o campus industrial como axente dinamizador do tecido produtivo.

Eixos transversais das medidas:

- A. Xestión eficiente:** entendida da institución universitaria.
- B. Talento:** atracción de talento humano para o campus industrial.
- C. Internacionalización:** impulso da visión e o enfoque internacional do campus.
- D. Empresa *Inside*:** reforzo da vinculación entre o campus e o tecido industrial.

3

ENFOQUE ESTRATÉGICO



4

MEDIDAS DO PLAN ESTRATÉXICO

Os **obxectivos** operativos e o conxunto das **34 medidas** son:

Eixe 1. Integración territorial e organizativa: un campus unido e integrado no territorio

Mellorar a estrutura organizativa e territorial do campus de especialización industrial de Ferrol

MEDIDAS

Oficina do campus industrial de Ferrol

Reordenación territorial do campus de Ferrol

Modernización da estrutura organizativa do campus de Ferrol

Senda urbana universitaria

Aproximar, simplificar e mellorar a xestión administrativa e a relación da UdC co campus de Ferrol

MEDIDAS

Reforzo da presenza do campus de Ferrol na UdC

Potenciación da administración electrónica

Desconcentración administrativa

Eixe 1. Integración territorial e organizativa: un campus unido e integrado no territorio

Mellorar as infraestruturas comúns destinadas á comunidade estudiantil e docente

MEDIDAS

Ampliación da oferta de actividades sociais, culturais, deportivas e residenciais

Eixe 2. Mellora do posicionamento do campus industrial de Ferrol: recoñecemento e posicionamento do campus

Aumentar a proxección exterior do campus de especialización industrial de Ferrol

MEDIDAS


Programa de proxección exterior: programa de acción conxunto para a promoción, posicionamento e captación de talento do campus industrial

Crear unha estratexia de mercadotecnia propia do campus de especialización industrial de Ferrol

MEDIDAS

Plan de mercadotecnia do campus universitario de especialización industrial de Ferrol

Eixe 3. Docencia de calidade e especializada: docencia especializada, de calidade e adaptada ás necesidades cambiantes da industria e a sociedade



4

MEDIDAS DO PLAN ESTRATÉXICO

Eixe 3. Docencia de calidade e especializada: docencia especializada, de calidade e adaptada ás necesidades cambiantes da industria e a sociedade

Fomentar a innovación e a proximidade da docencia universitaria ao mundo empresarial

MEDIDAS

Programa de colaboración con empresas e profesionais para a realización de traballos de fin de grao/mestrado e prácticas

Programa de formación permanente de egresados

Programa de seminarios e charlas co mundo profesional

Asociación de egresados do campus de Ferrol

Programa de prácticas para o alumnado

Impulsar a mobilidade e a internacionalización do alumnado


MEDIDAS

Programa de incentivos para a mobilidade de estudantes de grao e de acollida de alumnos non rexionais

4

MEDIDAS DO PLAN ESTRATÉXICO

Eixe 4. Investigación de calidade, multidisciplinar, recoñecida e de valor para o tecido industrial: investigación coordinada e orientada á industria



4

MEDIDAS DO PLAN ESTRATÉXICO

Eixe 4. Investigación de calidade, multidisciplinar, recoñecida e de valor para o tecido industrial: investigación coordinada e orientada á industria

Reforzar as infraestruturas comúns de investigación e desenvolvemento do campus

MEDIDAS

Potenciación do Centro de Investigacións Tecnolóxicas do campus de Ferrol

Eixe 5. A universidade como motor de dinamización do tecido produtivo, social e económico: o campus industrial como axente dinamizador do tecido produtivo

Incrementar as colaboracións e as sinerxías entre o campus universitario de Ferrol e os axentes e sector industrial

MEDIDAS

Oficina de Relación Industrial

Follas de ruta de colaboración do campus de especialización con empresas tractoras e institucións locais

Medidas para o período 2016-2017

Xestión eficiente, máis talento humano e docencia de calidade e especializada

Oficina do Campus Industrial de Ferrol (Medida 1)

Potenciación da Admón. Electrónica (Medida 6)

Comisión Académica Interdisciplinar para o reforzo e actualización da oferta docente del Campus Industrial (Medida 12)

Asociacións Colaborativas de Grupos de Investigación (ACI) (Medida 28)

Programa de dotación de xestores de investigación de Asociacións Colaborativas (ACI) (Medida 30)

Dotación de técnicos de apoio ás Asociacións Colaborativas de Grupos de Investigación (Medida 31)

Mellora das infraestruturas docentes, tecnolóxicas e de investigación

Revisión das infraestruturas docentes, de investigación e tecnolóxicas (1ª fase) (Medida 2)

Reforzo da relación co sector industrial

Oficina de relación industrial (Medida 33)

Follas de ruta de colaboración do campus de especialización co empresas tractoras e institucións locais (Medida 34)

Programa de seminarios e charlas co mundo profesional (Medida 21)

Asociación de egresados do Campus de Ferrol (Medida 22)

Mellor posicionamento e internacionalización do Campus

Plan de Mercadotecnia do campus universitario de especialización industrial de Ferrol (Medida 11)

Programa de proxección exterior do Campus: Plan de promoción da actividade docente e investigadora (Medida 10)

